

ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTENIBILIDADE LOCAL NAS ZONAS DE SACIDO, SAN ROMAN – VILELA, A ABRELA - PASEO DE PRAIA, FOLGUEIRO - GOEXAS, MOSTEIRO, NEGRADAS - CRECIDE, NEGRADAS - SAN ROQUE E O VICEDO - COLEXIO DO CONCELLO DO VICEDO" a Coruñesa de Ahorro Energético, S.L.U. representada por don Manuel Lombardía Rodríguez, por un importe total de 95.108,46 euros (valor estimado: 85.990,05 euros; IVE: 13.118,41 euros).

O Vicedo, 14 de abril de 2010.- A Alcaldesa en funcións, M^a Pilar Otero Insua.

R. 01943

VILALBA

Elevándose a definitivo, por non presentarse reclamacións ó mesmo, e dispoñélo así o acordo de aprobación provisional de data 10 de xullo do 2009 de aprobación do regulamento do rexistro municipal de asociacións deste Concello, por medio deste anuncio, publícase o seu texto íntegro:

2. REGULAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS DO CONCELLO DE VILALBA.

Exposición de motivos:

O Concello de Vilalba é consciente de que o sector asociativo é un elemento esencial integrador da organización da vida municipal.

A Constitución Española establece no seu artigo 9.2 que corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; retirar os obstáculos que impidan ou dificulten a plenitude e facilitar a participación da cidadanía na vida, económica, cultural e social.

E a exposición de motivos da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, Reguladora do Dereito de Asociación, reconoce que o dereito fundamental de asociación constitúe un fenómeno sociolóxico e político, como tendencia natural das persoas e como instrumento de participación, respecto ao que os poderes públicos non poden manterse á marxe. E engade, que resulta patente que as asociacións exercen un papel fundamental nos diversos eidos da actividade social, contribuíndo a un exercicio activo da cidadanía e á consolidación dunha democracia avanzada.

E o artigo 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, afirma que as Corporacións Locais favorecerán o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais e sectoriais dos veciños e veciñas.

Artigo 1º: Obxecto.

O obxecto deste regulamento é a constitución do Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vilalba, que pretende que o Concello poda coñecer o número de entidades existentes no seu territorio, facilitar as rela-

cións con elas, coñecer os seus fins e representatividade, facilitar e promover a iniciativa e a participación das entidades cidadás na xestión municipal, para os efectos de impulsar políticas municipais coerentes coas pretensións e necesidades da veciñanza, constituíndo un instrumento para consolidar un tecido social máis moderno.

Artigo 2º: Constitución.

O Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais do Concello de Vilalba ten carácter administrativo e configúrase segundo a previsión establecida non artigo 236 do ROF das entidades locais.

Artigo 3º: Acceso.

Poderán inscribirse no dito rexistro as asociacións veciñais que cumpran cos requisitos que se establecen no presente regulamento.

A inscrición no rexistro terá carácter voluntario e gratuito. A inscrición non é requisito constitutivo, se ben será necesario, para gozar das subvencións e outros beneficios que se podan establecer a nivel municipal.

Artigo 4º: Defensa dos intereses veciñais.

Os dereitos recoñecidos ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños e veciñas de Vilalba só serán exercitables por aquellas que se atopen inscritas non Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

Artigo 5º: Obtención da inscrición.

1. Poderán obter a inscrición no rexistro todas aquelas asociacións que desenvolvan uns fins comuns encamiñados a promoción, información, formación, a integración social e o entretenemento da sociedade municipal, e en calquera caso:

- Ás entidades sen ánimo de lucro, constituídas ao abeiro do que se dispón no artigo 22 da Constitución Española, cuxo marco territorial de actuación sexa o municipio de Vilalba, e que teña por obxecto estatutario fundamental da súa actividade os intereses xerais da vila e a mellora da calidade de vida dos veciños.

- Ás entidades sen ánimo de lucro que, dentro do ámbito territorial de Vilalba, representen intereses sectoriais, económicos, comerciais, profesionais, científicos, culturais, sociais e análogos.

Artigo 6º: Documentación necesaria para acceder ao Rexistro.

1. As inscricións no rexistro realizaranse previa solicitude das asociacións, para o que deberán achegar os seguintes documentos:

A) Instancia que inclúa a solicitude de inscrición, segundo o modelo establecido pola Alcaldía.

B) Acta fundacional da Asociación.

C) Estatutos da Asociación aprobados polo órgano competente da Administración do Estado ou Comunidade Autónoma.

D) Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións do Ministerio do Interior ou no Rexistro Autonómico de Asociacións.

E) Certificado acreditativo das persoas que ocupen os cargos directivos, incluíndo nomes, apelidos e DNI de cada unha delas.

F) Certificado acreditativo do número de socios que se renovará anualmente.

G) Sede Social (dirección, teléfono e outros datos útiles para a mellor localización).

H) CIF da Asociación.

I) Orzamento do ano en curso, facendo constar os medios e fontes de financiamento propios ou externos que se prevén.

J) Programa de actividades do ano en curso.

2. A) Se a documentación presentada fose incompleta ou non reunise as condicións sinaladas no apartado anterior, outorgarase un prazo de 10 días para proceder á súa emenda.

Unha vez transcorrido o dito prazo sen presentala, a petición terase por desistida e arquivarase sen máis trámites, mediante resolución da Alcaldía.

B) Se a documentación achegada fose válida, a Alcaldía, mediante resolución disporá a inscrición co número que lle corresponda no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

3. Os cambios ou modificacións que a produzan no contido dos documentos do apartado anterior notifíquense ao rexistro no prazo de 1 mes dende que a produzcan. Os presupostos e o programa de actividades comunicaranse no mes de xaneiro de cada ano.

4. O incumprimento das ditas obrigas dará lugar á baixa da asociación no rexistro.

Artigo 7º: Vixencia da inscrición.

Para os efectos da continuación da vixencia da inscrición, todas as entidades inscritas no rexistro municipal deberán presentar anualmente ante a Alcaldía, antes do 31 de marzo de cada ano, o día hábil inmediato, posterior á seguinte documentación:

a) Presupuesto e programa de actividades para o ano en curso.

b) Memoria das actividades e actos realizados no transcurso do ano anterior.

c) Certificación do Secretario, co visto e prace do alcalde, da acta da asemblea ou xunta xeral de:

- Aprobación do presupuesto e programa anual.

- Aprobación da memoria de actividades e actos do exercicio anterior.

- Número de socios a 31 de decembro, expedido polo Secretario.

- Calqueroutra modificación que se producise con motivo da celebración da asemblea xeral de socios, da cal deberá estender copia certificada polo Secretario da asociación.

Artigo 8º: Baixa da asociación no Rexistro.

As asociacións poderán causar baixa no citado rexistro por extinción desta, petición ou por inactividade durante un período de 6 meses consecutivos. No caso de que a baixa sexa voluntaria, deberase achegar a seguinte documentación:

- Motivo da disolución.

- Acta da sesión de disolución.

- Acreditación da baixa en calqueroutro rexistro público.

Artigo 9º: Radicación do rexistro.

O Rexistro de asociacións veciñais levarase na Secretaría Xeral.

Artigo 10º: Beneficios económicos.

As asociacións veciñais poderán percibir subvencións dentro das posibilidades orzamentarias nos prazos, procedementos e cantidades que se determinen na ordenanza reguladora da concesión de subvencións. As ditas subvencións poderán ser tanto para gastos ordinarios de funcionamento como para o desenvolvemento ou promoción de actividades concretas.

Artigo 11º: Outros beneficios.

1. As asociacións veciñais inscritas terán dereito, despois de solicitalo, a obter do Concello o uso temporal e gratuito de terreos e locais municipais, sen afectación específica, para a realización dás súas actuacións, nos termos contidos no acordo resolutorio.

A resolución será motivada e poderá ser recorrida en reposición ante o Concello.

2. A utilización doutros bens distintos aos anteriores axustarase ás ordenanzas reguladoras do seu uso.

Artigo 12º: Dereitos xerais.

Ás asociacións veciñais inscritas no rexistro municipal gozarán de todos os dereitos que as leis lles concedan, áinda que non consten expresamente neste regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL.

O presente regulamento, que consta de 12 artigos e unha disposición final, entrará en vigor de conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei Reguladora das Bases do Régime Local, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

O Alcalde, Gerardo Criado Guizán.

R. 01955